

ACTA N.º 01 / 2023

SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

| | |
|-------------------|--|
| DATA | Venres, 17 de FEBREIRO de 2023 |
| HORA | 10:00 horas |
| LUGAR | Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo) |
| ASISTENTES | <ul style="list-style-type: none"> • VICEPRESIDENTA: M^a DEL PILAR GARCÍA PORTO • SECRETARIA: LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ • GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PSDG: ROBERTO GARCÍA PERNAS (SUPLENTE) • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUIAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR) • XEFA DA ÁREA DE TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ • RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR) • RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUÍS J. FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR) |

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 05 de setembro de 2022.
- 2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 13 de decembro do 2022.
- 3.- Toma en consideración do mantemento do Premio Turismo Sostible nas vindeiras edicións dos Premios Provinciais de Turismo.
- 4.-Rogos e preguntas.

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Fecha y Hora | 16/03/2023 10:15:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Página | 1/4 |



DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 10:11 horas, a vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Pilar García Porto, toma a palabra para, en primeiro lugar, agradecer a asistencia dos participantes ao Consello Provincial de Turismo.

1.-Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 05 de setembro de 2022.

Esta aprobación quedara sobre a mesa no último Consello de Turismo do 13 de decembro, xa que o representante de FEGATUR, D. Francisco Xabier Almuíña Chorén, consideraba que tiña que aparecer na acta como membro titular no Consello de Turismo. Temos que aclarar que, aínda que fose nomeado Presidente de FEGATUR, esta asociación non o nomeou como membro titular, estando como tal D. Cesáreo González Pardal e aparecendo como suplente D. Francisco Xabier Almuíña Chorén.

Feita esta aclaración, procédese a votar este punto da Orde do día.

Votos a favor: (9): Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Roberto García Pernas, José Francisco Real Castro, José María Seijas López, Mónica Díaz Jublín, Mercedes Lamela Lopez, Andrea Macho Benito e Luis J. Fernández Reija.

Quedando aprobado este punto por unanimidade.

2.-Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 13 de decembro do 2022.

Non formulándose ningunha cuestión sobre este tema, procédese a votar este punto da Orde do día.

Votos a favor: (9): Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Roberto García Pernas, José Francisco Real Castro, José María Seijas López, Mónica Díaz Jublín, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luís J. Fernández Reija.

Quedando aprobado este punto por unanimidade.

3.-Toma en consideración do mantemento do Premio Turismo Sostible nas vindeiras edicións dos Premios Provinciais de Turismo.

Toma a palabra, a vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, Pilar García Porto, sinalando que cando se aprobaron as últimas bases dos premios contemplouse a creación do Premio Turismo Sostible de xeito excepcional, pero queremos facer unha proposta para facelo extensible a vindeiras anualidades.

A cuestión é que, dende o ano 2020, a Deputación de Lugo convoca anualmente os Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. O ano pasado propúxose a creación, con carácter temporal, dunha nova modalidade denominada “Premio Turismo Sostible”, que ten por obxecto o recoñecemento daquelas iniciativas que, dentro do ámbito da provincia de Lugo, contribúan a acadar a sostibilidade turística no eido social, económico ou medioambiental. Esta modalidade de galardón enmarcouse dentro das

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Fecha y Hora | 16/03/2023 10:15:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Página | 2/4 |



accións que se desenvolveron dende a Deputación de Lugo dentro da citada anualidade como antesala do evento “Copa España Creativa”, do que foi anfitrión a entidade provincial, e cuxo lema foi *Sostibilidade, Creatividade e Turismo*.

Como saben, a Deputación de Lugo é membro titular da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes dende o ano 2019. No marco desta Rede, xestionada pola Sociedade Estatal de xestión da Innovación e Tecnoloxías Turísticas (Segittur), trabállase para conseguir o obxectivo de contribuír á mellora da competitividade dos destinos españois dende a perspectiva da sostibilidade e accesibilidade a través de novos modelos de gobernanza que inclúen a innovación e a tecnoloxía como instrumentos canalizadores.

Na actualidade estase a redefinir o papel das deputacións dentro da Rede, ao tratarse de entes cunha especial casuística, tanto polas competencias que ostentan, como polo ámbito territorial que abarcan. Neste sentido, considérase que as deputacións poden xogar un papel como promotoras do modelo DTI para conseguir que o coñecemento, ideas e proxectos que nacen da Rede se expandan ao mundo local, a todos os concellos.

O ano pasado creouse no seo da Rede o Grupo de Traballo de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares, que ten como meta definir o alcance do papel dos entes provinciais como promotores do modelo. O primeiro traballo colaborativo que se materializou dentro deste grupo foi a creación dun manual de experiencias ligadas aos piares dos Destinos Turísticos Intelixentes (innovación, tecnoloxía, gobernanza, accesibilidade e sostibilidade).

A metodoloxía para a elaboración do manual consistiu na realización de entrevistas individualizadas con cada Deputación en base a un cuestionario previo, co que se pretendían identificar as iniciativas vinculadas ao modelo DTI e das cales se escollían dúas para incluír no manual como casos de éxito.

No caso da Deputación de Lugo, foron elixidas as seguintes iniciativas relacionadas coa sostibilidade: por unha banda as vinculadas coas accións de xestión das Reservas da Biosfera e, por outra, o Premio Turismo Sostible, e este é o motivo polo cal traemos este asunto ao seo do Consello Provincial de Turismo para que, en definitiva, decidamos entre todos manter esta categoría nas seguintes convocatorias do Premios Provinciais de Turismo.

Non formulándose ningunha cuestión sobre este tema, procédese a votar este punto da Orde do día.

Votos a favor: (9): Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Roberto García Pernas, José Francisco Real Castro, José María Seijas López, Mónica Díaz Jublín, Mercedes Lamela López, Andrea Macho Benito e Luís J. Fernández Reija.


Quedando aprobado este punto por unanimidade.

4.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra Mónica Díaz Jublín, representante da Asociación Profesional de Guías de Turismo De Galicia - APIT Galicia, para convidar aos asistentes o vindeiro día 21 de febreiro á celebración do Día Internacional dos Guías de Turismo.

Toma a palabra José Francisco Real Castro, representante da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo –APEHL, solicitando aclaración sobre quen é o representante do Clúster de Turismo de Galicia no Consello Provincial de Turismo.

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Fecha y Hora | 16/03/2023 10:15:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Página | 3/4 |



Sinalase, dende a vicepresidencia do Consello Provincial de Turismo ,que o titular é José Francisco Real Castro e o suplente Cesáreo González Pardal.

Acto seguido, José Francisco Real Castro demanda saber tamén cales son os representantes de FEGATUR ao que, dende a vicepresidencia, respóndese que o titular é Cesáreo González Pardal e o suplente Francisco Xabier Almuíña Chorén.

Finalmente pregúntase polos representantes de APEHL, ao que se lle responde que son José Francisco Real Castro coma titular e Jacobo García – Bobadilla Prósper como suplente.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ordinaria do Consello de Turismo, sendo as 10:21 horas.

En Lugo,

(Documento asinado dixitalmente)

Vº. e pr.
A Vicepresidenta

A Secretaria,

Mª del Pilar García Porto

Leticia Rodríguez Díaz

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Fecha y Hora | 16/03/2023 10:15:18 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BFQCMHNEPVKE5WX4RLZSGIA | Página | 4/4 |

